

ct

0'7% Molotov

de
Santiago Cortegoso

(fragmento en galego)

Personaxes:

ELA

Neohippy solidaria. 26 anos

EL

Nihilista solitario. 47 anos

1ª parte.- O Contrato

1. Interior dela

ELA

Espertei un día e non vin máis que nenos negros.

Nenos negros e nenas negras.

Cabezas rapadas negras; algúns rizos negros. Beizos grandes.

Ollos moi grandes coas pupilas moi negras saíndo disparadas dun fondo moi branco.

Miradas implorantes.

Miradas negras.

Miradas cara arriba coma se eu fose Deus.

Unha mirada vale máis que mil palabras.

Unha lágrima vale máis que mil palabras.

Os nenos negros non choran coma os brancos.

Os nenos negros choran cos ollos famentos.

Cos ollos negros enfermos.

Cos ósos que lles saen disparados pola pel negra.

Pel negra chea de po.

Nenos negros traballando.

Nenos negros sen máis que facer míranme con ollos negros acusadores.

Acaban de nacer e xa son vellos.

Véxolle a morte nas caras.

Son todos nenos mortos.

En cada cara non vexo máis que ollos negros mortos.

Ollos negros incuestionables.

Ollos negros exixentes.

Ollos negros inquisidores.

Ollos negros manipuladores.

Ollos negros poderosos.

Eu non hei chegar a ter ese poder nunca.

Deixade de mirarme así.

Eu non son Deus.

Deixade de suplicarme.

Deixade de meter o dedo na chaga.

A vosa debilidade ten máis forza ca unha bandeira.

A vergonza mobiliza vontades.

Esa mirada ten o poder da verdade.

Esa mirada ten o poder mediático.

O poder da vergonza de toda a humanidade ao longo dos tempos.

Unha campaña publicitaria mellor cás da Coca Cola. Sen ter que deseñala, sen ter que pagarlle a un actor famoso, sen guión, sen maquillaxe, sen iluminación e sen director de arte.

Un neno negro visto en contrapicado con terra seca de fondo.
Máis nada.
As consciencias mobilizadas. Avergonzadas.
Para quen traballas?
Non me mires así, cabrón.
Non me manipules, cabrón.
Aquí estou, son negro.
Non teño nome, non teño historia, non sabes quen son.
Non che digo nada.
Miro para ti.
E ti sabes que estou aquí.

1.2. Exterior día

ELA
A que distancia está o ser humano máis próximo?

EL
Á suficiente.

ELA
É fantástico.

EL
Si, e que?

ELA
Perdón...

EL
Podo saber a que vés?

ELA
Como que a que veño?

EL
Si, a que.

ELA
Polos anuncios.

EL
Chamaches antes?

ELA
Non.

EL
Ata a semana que vén non empezaría.

ELA
E non podo esperar aquí?

EL
Non che podería pagar.

ELA
Non sabería a onde ir.

EL
Vés fuxindo de alguén?

ELA
Si, claro.

EL
É que teño varios candidatos.

ELA
Xa, e que?

EL
Nada, falo con todos un pouco.

ELA
E a cantos contratas?

EL
A un.

ELA
Non necesitas máis que unha persoa?

EL
Por dous meses e porque non me queda máis remedio.

ELA
Pero aínda non sabes quen vai ser, non?

EL
É unha decisión difícil. Á parte de ti, viñeron dúas persoas e un animal.

ELA
Ai, si?

EL
Un dos que veu pretendía meter aquí un tigre.

ELA
Un tigre?

EL
Un tigre, si. Un bicho enorme, perigoso, de feito traíao metido nunha gaiola; pero logo tiña pensado soltalo polo eido, sen amarrar nin nada. Era un tipo moi bruto. Acabeille dicindo que prefería contratar o tigre antes que a el.

ELA
E?

EL
O tigre dixo que non tiña ganas de traballar.

ELA
E o outro?

EL
Quen?

ELA
Levas unha persoa e un animal.

EL
Non, levo unha persoa. O animal é outro. Unha rara avis. Unha especie de cruzamento entre burro e gaivota. Algo imposible. Acaba de saír do cárcere e quere refacer a súa vida illándose e estudando na universidade a distancia. É peor o remedio que a enfermidade, díxenlle eu.

ELA
E el que dixo?

EL
Pouca cousa. Deulle un ataque de vitimismo e marchou.

ELA
E o outro?

EL
O outro é parente meu; un curmán segundo por parte de nai ou algo así.

ELA
E?

EL
Non quero negocios coa familia.

ELA
Cantos prexuízos, non?

EL
Moitos. Téñoos todos gardados no terceiro caixón da cociña, debaixo dos coitelos. Gústame telos a man por se os necesito. Sacan de moitos apuros. Os prexuízos, digo. Os coitelos poderían sacarme de moitos máis, pero non me atrevo con eles. Son pacifista por frustración.

ELA
E buscas algún perfil de persoa en concreto?

EL
Máis que un perfil, busco unha fronte.

ELA
Non vas atopar unha fronte mellor que a miña. Asegúrocho.

EL
A vendima non é un pasatempo. Hai que traballar de sol a sol. Os baldes pesan. Vanche sangrar as mans.

ELA
Vaime compensar.

EL
Non podo pagar moito. Uns...

ELA
Acepto.

EL
Non acabara.

ELA
Este vento que sobe do río é perfecto.

EL
Está ben. Quedas contratada. Tes cara de boa persoa.

ELA
Xa o sei. Custoume traballo, pero sen traballo non se consegue nada.

EL

As máis das veces nin con traballo.

2. Interior del

EL

Non vou caer nunca máis.

Nunca. Nunca máis.

Esta é a última vez. A derradeira.

Eu non me vendo.

É unha trampa. Os ollos son o engado.

Picas e ao carallo. Estás fodido.

Unha vez que isto arranca, non hai volta atrás.

A montaña rusa corre costa abaixo polo seu propio peso a toda velocidade.

Vexo como me vou estampar ao final da pendente.

Vou lanzado.

Abro a boca coma se cun berro puidese parar esta puta caída libre.

Pero nin eu mesmo me escoito.

E vou gozar paso a paso o viacrucis.

Enfiladiño co sorriso detrás da boca.

Voume desgarrar en cada chanzo que baixe.

Para espertar unha mañá nos brazos da autohumillación.

Outra vez.

E hei pensar, como agora, que nunca máis.

Que non podo volver empezar, porque sei que unha vez que empezo non podo parar.

E non hai nada máis triste que a calor do arrepentimento.